



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 20 de abril de 2012, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, **considera pertinente**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do produto sanitario considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

**Solución hipertónica estéril de cloruro sódico 7% +
Hialuronato de sodio 0,1% (HYANEB®)**

na indicación de: **Movilización das secrecións das vías aéreas de pacientes con Fibrose Quística maiores de 6 anos, con mala resposta á alfa dornasa, VEF1 > 40% e ausencia de hiperreactividade bronquial.**

Tendo en conta esta indicación, a CACFT establece a recomendación de que este produto sanitario deberá dispensarse dende os servizos de farmacia hospitalarios.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2012

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA



D. Félix Rubial Bernardez

**COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO
DE SAÚDE**